


Conclusíons do
IV encontro de debate de
Nova Escola Galega

“A Reforma
a debate”



FRATO

12-13 Marzo 1.988

Na perspectiva de Reforma do sistema educativo, NOVA ESCOLA GALEGA abriu un debate interno en torno ó Proxecto para a Reforma do Ensino que o MEC presentou ó conxunto da sociedade, partindo desde unha triple consideración:

- a) Revisión do Proxecto desde as nosas orientacións como movemento galego de renovación pedagóxica defensor dun proxecto transformador de Escola Pública Galega.
- b) Revisión das Conclusións aprobadas no X Encontro Estatal (Granada, 5-8 de decembro de 1.987) da Coordenadora Estatal de M.R.P.S.
- c) Revisión das accións político-administrativas desenvoltas pola Consellería de Educación, así como indicación das directrices que, desde o noso punto de vista, deberán ser tomadas no proceso de reforma.

Ata o momento centrámo-la nosa atención nas cuestións relativas á estructura do sistema, ó profesorado, á organización dos centros, ós deseños e adaptacións curriculares, á integración e á orientación educativa, do que son reflexo ás Conclusións que siguen.

1.- "A ESTRUCTURA DO SISTEMA EDUCATIVO"

1.1.- Xerais.

1.1.1.- Sen unha Lei de Financiación ou Memoria Económica complementaria do Proxecto de Lei de Ordenación do Sistema Educativo, que concrete os medios económicos, materiais e humanos para que o preciso cambio de estructura teña reais efectos transformadores, as potenciais posibilidades de cambio estructural proposto polo MEC carecen de credibilidade.

1.1.2.- Consideramos que se parece importante a extensión da obligatoriedade ata os dezaseis anos, non menos importancia debe te-la creación e potenciación da Educación Infantil.

1.2.- A Educación Infantil.

1.2.1.- Considerámo-la etapa de Educación Infantil como un período eminentemente educativo, dada a importancia dos procesos de desenvolvemento que se producen nos nenos/as nestas primeiras idades.

1.2.2.- A Educación Infantil perseguirá unha función de desenvolvemento psicolóxico, cultural e de socialización. Tamén unha función compensadora de desigualdades socio-culturais de diversa índole.

1.2.3.- Poderá desenvolver tales funcións sempre que non se convirta en:

- preparadora de educación primaria.
- instancia asistencial.
- factor de desarraigo, afastando ós nenos do seu medio familiar.

1.2.4.- Características da Educación Infantil.

Concluimos, cando menos, coas seguintes consideracións:

a) Dédese concebir como un proceso continuado desde os 0 ós 8 anos, podéndose contemplar unha subdivisión en torno ós 3 ou 4 anos, para dar paso a un segundo ciclo, ó que se irían incorporando os nenos/as en función das súas características e desenvolvemento.

b) Todas as actuacións e intervencións pedagóxicas han de te-lo mínimo senso "escolar" possibile.

c) Garantírase o desenvolvemento de cada neno ó seu propio ritmo nun clima e atmósfera de tranquilidade e de acollemento das diferencias.

1.2.5.- Rede Pública de Centros.

a) Prantéxase a conveniencia da existencia dunha única rede de centros públicos de educación infantil, cun número de prazas suficiente para garantir la asistencia de todos os nenos/as sen desprazarse do seu medio.

b) As administracións Públicas deben te-la obriga de garantir un posto gratuito para cada neno/a.

c) As Administracións locais deben asumir competencias na creación desta rede, previa descentralización de recursos económicos cara elas.



FRATO

1.3.- A Educación Primaria.

- 1.3.1.- Débese considerar como inicio da escolarización dos alumnos/as incorporándoos/as ó sistema instructivo. Considerase que o momento más axeitado para efectuar esta incorporación son os oito anos.
- 1.3.2.- A Educación Primaria débese entender como un elemento más do Sistema educativo, e non á marxe deste. Polo tanto hai que potencia-la súa coordinación co nivel anterior e posterior.
- 1.3.3.- A Estructura de ciclos parece a más conveniente para estas idades, frente a de niveis.
- 1.3.4.- O inicio da actual 2º etapa de EXB ós 11 anos parece pouco adaptado ós procesos evolutivos dos alumnos/as que apuntan a un cambio en torno ós 12 ou 13 anos.

1.4.- A Educación Secundaria Obrigatoria (12-16 anos)

- 1.4.1.- A súa existencia ven xustificada por ser unha etapa cunhas características propias na evolución dos individuos.
- 1.4.2.- Non se aprecian razóns para a súa división en dúas etapas, agás as que se derivan dun aproveitamento dos medios humanos e materiais existentes.
- 1.4.3.- Rexeitamos como unha falsa polémica a acusación de posible "exebización" do bachelarelato a través da nova estructuración que crea este nivel. Polo mesmo, e con maior razón, podería falarse dunha "bacharelización" do EXB, na imposición de asignaturas compartmentadas no actual nivel superior de EXB.
- 1.4.4.- Para que este nivel teña valor propio é preciso dotalo desde o primeiro momento dunha unidade de centro e de profesorado.
- 1.4.5.- Debe estar dotado dun carácter comprensivo, ofrecendo unha formación fundamentalmente atenta ás necesidades culturais dos adolescentes.



2.- "OS MEDIOS"

2.1.- O Profesorado.-

2.1.1.- Educación Infantil.-

Tódalas funcións directamente relacionadas cos nenos/as que se desenvolven nos centros de Educación Infantil deben ser consideradas actos educativos, debendo ser, polo tanto, desempeñadas por profesionais do ensino. A presencia doutro tipo de profesionais nestes centros pode vir xustificada polo complexo que resulta atender nenos/as destas idades, e nunca porque se considere que hai funcións secundarias que desempeñar.

2.1.2.- Educación Primaria.-

Debe primarse a figura do mestre xeralista sobre a idea do especialista, promovéndose a formación de equipos de ciclo integrados por mestres que no seu conxunto podan impari-la totalidade do currículum. Isto esixe que os programas de adecuación do profesorado ás áreas específicas que se establezan deben facerse a partir das necesidades prantexadas polos centros: serán istos os que indiquen os cursos que se necesitan facer e os profesores que convén que asistan a eles; os mestres deste xeito asumirán así un compromiso co centro e co seu proxecto educativo.

2.1.3.- Educación Secundaria Obrigatoria.

Asumímosla necesidade da existencia de profesores especialistas en áreas e disciplinas en toda a etapa.


Pronunciámonos polo Corpo Único de Profesores e polo tanto non concebimos tampouco a existencia nesta etapa de profesores pertencentes a dous corpos, como que non sexan formados co mesmo criterio.

2.1.4.- Profesores de Apoyo.-

Non nos parece oportuna a existencia desta figura pois que a miúdo se usa para parchear las diferencias que van aparecendo sen ningún plan específico de actuación.

Pola contra, parécenos urgente asegurar en cada centro un número de profesores maior có número de unidades en funcionamento, e que isto se estableza no nivel organizativo máis baixo, o equipo de ciclo. Dentro do equipo faríase un reparto de tódalas funcións que supón o desenvolvemento do currículum, coa súa adaptación ás necesidades individuais que presenten os alumnos/as, e prevendo tamén a liberación parcial dos elementos que asuman tarefas de organización xeral do centro. Procedéndose así ó establecemento do plantel de cada Centro, en función do proxecto educativo, en tódolos niveis educativos.

2.2.- A Formación do Profesorado.-



Ensinañtes en formación.

FRATO

2.2.1.- Existe a necesidade de unifica-la categoría profesional de tódolos ensinantes para evita-lo corporativismo. Esto suporía a existencia dunha formación científica, cultural, psicopedagóxica e de actitudes común a todos eles. Para uns dita formación desenrolariáse dentro dunha mesma carreira, tendo en conta, sen embargo, as diferencias existentes entre os distintos niveis educativos: a formación para a Educación Primaria sería más xeralista, mentres que a formación da Educación Secundaria tería que ser más especializada. Tería a mesma duración e debería impartirse no mesmo edificio, porque o currículum do profesor debe de adaptarse á súa función desde un primeiro momento. Outros pensan nunha variedade de créditos que non estarían axustados necesariamente a un mesmo tipo de carreira e a un mesmo edificio; estes créditos poderían ser diferentes para tódalas especialidades, entre estas a do profesorado, segundo a orientación profesional de cada estudiante, ou ben establecerse a partires do 2º ciclo, impartindo no 1º ciclo un tronco común para calquera tipo de profesións.

2.2.2.- Debe existir la posibilidade de movilidade dentro dos distintos niveis educativos.

2.2.3.- A formación académica e psicopedagóxica debe ter igual importancia e debe ser imprescindible para tódolos ensinantes; dando prioridade a formación psicopedagóxica e didáctica frente a específica de contidos.


2.2.4.- Necesidade de que a formación académica que se recibe na Universidade cambie sustancialmente. O educador debe "saber" a súa materia, pero ten que ter moi claro o que dessa materia pode trasladar á escola.

2.2.5.- A formación do ensinante, a nivel académico, non debe de basarse só na adquisición de contidos culturais, senón tamén na incorporación de Habilidades metodolóxicas, para o que se necesitaría profundizar só en poucas materias.

2.2.6.- Necesidade de que tódolos profesores de Formación Inicial pasen pelos centros escolares. A partir dos tres primeiros anos de estudio habería que asistir ós Centros escolares, e non se debería de conceder un título a ningún que non pasase por eles. Estas prácticas durante a carreira deberían de durar ó redor de 6 a 8 meses, baixo a supervisión do profesor de Formación Inicial.

2.2.7.- Necesidade de que a investigación que se faga por parte dos ensinantes estéaxe axeitada á educación.

2.2.8.- A formación inicial non basta, senón que tamén hai que ter en conta a formación permanente. Esta formación debe estar ligada ás zonas e en función das necesidades dos ensinantes.



"Relacións entre os niveis educativos"

2.2.9.- A Formación Permanente debe estar centrada nos CEPS, pero uns CEPS ligados ás necesidades dunha zona concreta e cunha xestión democrática, nos que a persoa que os dirixía ten que estar ligada ó proxecto dessa zona. Teñen que ser centros nos que deberían confluir distintos especialistas e nos que funcionen máis as actividades horizontais que verticais.

2.2.10.- O modelo do curso de Formación de Formadores, non parece o máis adecuado porque abrangue a un número reducido de profesores e porque non está clara a rendabilidade deste tipo de cursos. Optase por un modelo no que a formación se leva ós centros.

2.2.11.- Vese así mesmo a necesidade de que non nos adaptemos únicamente ás cousas que van sucedendo, senón que temos que plantear posibles pautas de actuación ás mesmas autoridades educativas.

2.3.- Os Centros.-

2.3.1.- Tipoloxía.


Prantexamos, en principio, a conveniencia de que existan centros específicos para cada nivel educativo de nova estrutura, podéndose concebir dous tipos de centros de Educación Secundaria, atendidas ás súas etapas Obrigatoria e Postobrigatoria.

2.3.2.- O criterio estará suxeito á adaptación máis oportuna en cada caso. Así, vémo-la posibilidade de que o primeiro ciclo de Educación Primaria se incorpore ós Centros de Educación Infantil.

2.3.3.- Manifestámonos radicalmente en contra de que os alumnos/as do nivel 12-16 poidan desenvolver cada un dos do us ciclos previstos nun centro escolar distinto.

2.3.4.- Planificación.

O proceso de Reforma debe planificarse sobre a base dunha distribución lóxica e axustada dos recursos humanos e dos centros atendendo a cada contexto territorial, debéndose crear sectores territoriais, distritos ou comarcas que comprenderían en cada caso un conxunto de centros, medios e infraestructura axeitados e suficientes para escolariza-la súa respectiva poboación entre os 0 e os 18 anos.



"Actualización"

3.- O CURRÍCULUM.-

3.1.- Consideracións Xerais.-

3.1.1.- Defendemos la concepción do "currículum aberto" en tanto favorecedora da innovación educativa.

3.1.2.- Un "currículum pechado" non garanta a igualdade de oportunidades para todos/as alumnos/as, senón que moi ó contrario, impón a desigualdade ó dificultar ou mesmo impedir la adaptación dos "currículos" ás características do medio e dos intereses individuais. Para conseguir idénticos obxectivos precisam estratexias diferentes de acordo co entorno cultural e medio-ambiental, e ás peculiaridades individuais dos diferentes alumnos/as.

3.1.3.- Débese impedir que poida suceder que o actual "currículum pechado" por imposición ministerial poida ser sustituido por unha interpretación restrictiva dos "Proxectos de Centro", a través dos cales a maioría dun Claustro puidera abafa-las iniciativas innovadoras dunha minoría.

Neste senso, os equipos de traballo formados por grupos de profesores, comprometidos en proxectos educativos innovadores, deben ter liberdade de experimentación, aínda cando poidan estar en minoría nun determinado claustro.

3.1.4.- Convertir en real e xeralizada a concepción do "currículum aberto" esixe o desenvolvimento inmediato de programas de formación do profesorado extensibles á totalidade do profesorado.

As esixencias dun "currículum aberto" non serán doadamente satisfeitas por un profesorado formado e feito á mecánica do "currículum pechado". Córrese o risco, por isto, de que o vello "currículum pechado" ministerial sexa simplemente sustituido polo novo "currículum dos libros de texto "renovados"".

3.1.5.- É importante tomar medidas que garantan que a concepción de "ciclo" para a Educación Primaria se faga real, e non un simple nome, como é hoxe as máis das veces.

3.1.6.- No Ensino Secundario Obrigatorio a enumeración de materias parece a todas luces excesiva, máis tendo en conta que se prevé unha importante reducción horaria. Dá a impresión de que esta enumeración se ten feito mediante a simple suma das actuais materias do Ciclo Superior da ESB, dos dous primeiros cursos de BUP e de certos talleres de FP. Parécese esquencer que nin o tipo de materias, nin os contidos poden ser idénticos, particularmente no referido a BUP e FP, cando na estructura renovada han ser impartidos á totalidade da poboación das idades correspondentes.




3.1.7.- A Relixión en ningún caso debe formar parte dos currículos escolares. En todo caso, podería admitirse a programación de actividades relixiosas fóra do horario escolar por aqueles grupos de alumnos que o demanden por non conta-la súa organización relixiosa con locais más axeitados para impartirem a súa formación. Consideramos que as crenzas relixiosas forman parte do ámbito privado e que se debe evitar manifestalas públicamente nos centros escolares para non seren causa de diferenciacións ou mesmo discriminacións entre os alumnos/as.



FRATO

3.1.8.- A desaparición da figura do "repetidor" parécenos un avance importante pero que esixe cambios decisivos no comportamento dos profesores.

FRATO



a) En primeiro lugar hai que crea-las condicións para que se poida dar unha atención individualizada segundo as peculiaridades dos alumnos (reducción da ratio alumno/profesor, potenciación dos agrupamentos flexibles, atención ás diferencias nos ritmos de aprendizaxe,...)

b) Non se poden toma-los obxectivos como "listóns" que o alumno debe superar nun tempo prefixado, senón partir das características e aptitudes dos alumnos/as deseñando estratexias adaptadas a estes para consegui-lo seu progreso continuado.

c) Todo esto esixe un radical cambio de concepción e da metodoloxía da avaliación. O profesor/a debe ter presente que o que debe avaliar non é ó alumno/a (como de feito se está a facer agora) senón o proceso docente, considerado como un todo.

d) E claro que, por todo o dito, se require unha formación específica dirixida ó profesorado que o capacite para desenvolver esta nova concepción avaliadora.

3.1.9.- E imprescindible a constitución inmediata dos grupos de traballo que elaboren as adaptacións curriculares para tódalas áreas e materias, seguindo as previsións do futuro Deseño Curricular base.

3.1.10.- A concepción do proceso educativo como un proceso vivo no que a investigación continua constitúa un factor de permanente cambio e readaptación, parécenos un complemento imprescindible para a real instauración dun "currículum aberto". E imprescindible neste senso a articulación da totalidade do profesorado en relacións de intercambio de experiencias e favorecidos e potenciados pola Administración. Esta debe promove-la constitución de "Grupos de Innovación Pedagóxica" que investiguen e promovan o deseño curricular en tódolos niveis, áreas e materias.

3.1.11.- Esixímos-la máxima transparencia por parte da Administración Autonómica na selección do profesorado para a formación de Grupos de traballo, seminarios permanentes, etc. Esta transparencia non se ten dado ata o de agora, promovendo sospeitas que como é notorio tanto teñen deteriorado a imaxe desta Administración Autonómica. Esta esixencia de transparencia débese concretar en: promoción de concursos públicos para o acceso ás prazas, con prazos suficientes e publicidade axeitada; determinación de baremos obxectivos deseñados segundo o perfil específico do tipo de traballo a realizar; exposición pública dos resultados e da composición do tribunal avaliador.

3.1.12.- A avaliación externa do Sistema, así como a avaliación específica dos "Proxectos de Centro", "Proxectos Pedagóxicos", etc. non pode ser deixada nas mans do actual Corpo de Inspectores, notoriamente contrarios a todo espírito de renovación pedagóxica. Admitimos, non obstante, que se precisan sistemas de control e avaliación, que deberán ser estudiados e postos en marcha canto antes.

3.1.13.- A F.P. debe deixar de ser la receptora dos alumnos/as fracasados nos niveis inferiores. Esta é a causa do actual fracaso da F.P.1. mentres que os resultados son moito más positivos na F.P.2. Os alumnos/as "fracasados/as" poden e deben ser recuperados para o proceso educativo a través dunha formación compensatoria específica, que reuna unhas esixencias diferentes das propias da F-P.

3.1.14.- O problema da elección entre opcionalidade ("modelo catalán") e integración ("modelo MEC") para o bacharelato reformado considerámolo un problema aberto que require unha maior profundización.

3.2.- Adaptacións curriculares

3.2.1.- Consideramos que o desenvolvemento que o Proxecto presenta das adaptacións curriculares é insuficiente e indefinido. Faltan os criterios para valorar las necesidades de facelas e tamén pouco se dan unhas normas que deberán aparecer no Deseño Curricular Base.

Creamos que dentro das adaptacións curriculares deben incluirse as adaptacións metodolóxicas para levalas a cabo, orientacións respecto ós tempos e ós obxectivos que debe perseguir cada adaptación e o xeito de garantir un seguimento serio das mesmas.

Poidera ocorrer, extremo negativamente valorado, que en nome da adaptación curricular moi- tos agrupamentos flexibles se convirtan en permanentes.

3.2.2.- Creamos que respecto a anteriores programas non se produce unha importante innovación, na medida en que a individualización xa era recollida nas anteriores orientacións, e en tanto en canto non se concretice o desenvolvemento destas adaptacións curriculares.

3.2.3.- Para levar adiante as adaptacións curriculares consideramos imprescindible un proceso de formación específica para todo o profesorado neste tema. Sobre todo, na medida, en que esta formación poda xerar unha modificación de actitudes, xa que un novo corpo conceptual pode dar lugar a mudalas.

Tamén será necesaria unha formación axeitada dos elementos xerárquicos da Administración que teñan que ser garantes da súa posta en marcha.

3.2.4.- Estimamos que é moi importante que se concretice e se garante o asesoramento e seguemento continuo de todo o proceso de adaptación curricular en cada centro.

3.2.5.- Na medida en que non se aporten recursos personais e materiais (didácticos e metodolóxicos), as adaptacións curriculares, como xa sucedeu con anteriores orientacións tendentes á individualización, quedarán á mercede do que dicten as editoriais e os libros de texto, posibilitada de que valoramos negativamente.



4.- A INTEGRACION EDUCATIVA DE ALUMNOS CON NECESIDADES ESPECIFICAS.-

4.1.- Botamos de menos a valoración do Plan Experimental de integración no Proxecto de Reforma. Diversos estudos, así como a opinión dos máis directamente participantes neste plan poñen de manifesto as deficiencias rexistradas nos medios, nas consideracións criteriais, na valoración dos nenos/as óbice dun tratamento integrador. Ademáis, atopámonos cunha falta de sensibilización ou desconfianza respecto da integración nunha boa parte do profesorado, debido ós escasos medios que puxo a Administración para explicar e promover a integración educativa.

No Proxecto de Reforma non aparecen indicios de reformulación ou busca de solucións a estes problemas. Na situación actual en Galicia pónse en entredito que exista proceso real de integración.


4.2.- Non queda claro no proxecto como os tres tipos de currícula se engadirán de integración total, parcial ou combinada.

4.3.- O que se establece no apartado 15.9 do Proxecto referente ó seguemento dos nenos/as con necesidades educativas especiais non asegura que sexa efectivo. Mesmo se pode convertir nun criterio que sirva para valora-las evolucións e adapta-los obxectivos unha vez ó ano. Esta circunstancia parécenos más grave naqueles casos dos alumnos/as con dificultades de aprendizaxe que acuden ás aulas de educación especial a tempo parcial ou cos que se practica unha integración total cunha metodoloxía organizativa de grupos flexibles.

Parece necesario que entre estes períodos de evaluación, propostos dun ano, algúns mecanismos aseguren o seguemento, a evaluación e a adaptación continua dos currícula ás necesidades dos nenos.

4.4.- É importante concreta-las funcións do profesor de apoio respecto das agrupacións flexibles de alumnos/as, que se proponen como un elemento básico de integración. Polas características dos centros de Educación Infantil e as escolas rurais, casi sempre compostas por só unha ou dúas unidades, que teñen unha ratio inferior á proposta para proporcionar un profesor de apoio, conviría que estes criterios se formularen doutro xeito, sobre todo tendo en conta que esta realidade é tan abondosa en Galicia.

4.5.- Consideramos que a Administración debe comprometerse a definir las canles de colaboración e coordinación con institucións como o INSERSO, a ONCE, e outras, sen deixalo ó libre arbitrio e vontade dos responsables de zona de cada unha destas institucións.



5.- A ORIENTACION EDUCATIVA E OS EQUIPOS DE APOIO.-

5.1.- Valoramos positivamente a creación dos dous tipos de apoio pedagóxico que se prevén no Proxecto.

5.2.- Un aspecto de especial importancia para asegura-la actuación eficaz dos Equipos Psicopedagóxicos de Apoio é rachar coa súa dependencia xerárquica de Inspección Educativa. Parécenos preocupante que non se explice esta cuestión.



5.3.- Debe explicitarse de que forma se van ter en conta as notas de definición do Equipo Psicopedagóxico de apoio, tales como o número de alumnos, características económicas e xeográficas do sector, o entorno rural ou urbano, características socio-culturais e étnicas, para definir cada sector, co obxectivo de que a sectorialización sexa racional en todo o territorio. De calquera xeito, cómpre dentro do Proxecto de Reforma, recoñecer e comprometerse a crear un Equipo Psicopedagóxico de apoio completo por sector.

5.4.- Observamos que a atención sobre os aspectos sociais e familiares, enunciados no apartado 18.5., apenas ou en nada aparecen recollidos no desenvolvemento das funcións dos E.P. de apoio. Neste senso botamos en falta unha mención explícita ás funcións de análise institucional e estudio situacional das relacións interpersonais que se dan no seo da escola, e que se ben sempre se reconoce a súa importancia para o proceso educativo, non se aborde desde ningún equipo técnico.

5.5.- Outra omisión que consideramos importante sinalar e o non preve-la necesidade de establecer e definir canles de coordinación entre os E.P. de apoio e outros servicios dependentes de instancias administrativas que actúan sobre a poboación infantil, tales como as Unidades de Saúde Mental, nos seus programas de atención a poboación infantil, ou os dependentes dos Servicios Sociais, así como os dos Servicios Municipais de Educación.

5.6.- O desenvolvemento dos Departamentos de Orientación Educativa é unha cuestión por resolver.

Hai argumentos que aconsellan o recoñecemento dun Departamento de Orientación en cada centro, cun responsable con formación específica en psicoloxía ou pedagogía ó seu gargo. Mais tamén existen argumentos que sinalan a conveniencia de que este responsable sexa un membro de E.P. de apoio do sector, sendo para isto condición imprescindible unha rede ampla de E.P. de apoio que garante a presencia deste membro no centro coordinando e potenciando a acción-titotial e orientadora. Esta cuestión necesita dun debate amplio de todos los sectores implicados para chegar a unha solución equilibrada.

5.7.- Consideramos preocupante que a Consellería de Educación non incluira no seu Gabinete da Reforma a ningún membro para aborda-la cuestión de integración e da orientación educativa.

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas específicamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Reconecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

-Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Modernización
e Innovación Tecnolóxica



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE INDUSTRIA, TURISMO
Y COMERCIO



UNIÓN EUROPEA

Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional

plan
avanza,,